

PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO CURSO 2020-21



IES ILLA DE SARÓN

XOVE

“PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”

O Plan de Continxencia do centro educativo IES ILLA DE SARÓN, DE XOVE ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun brote que supoña o cese da actividade presencial nun aula, nunha etapa educativa ou no centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN BROTE

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante do suposto no que unha persoa se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase ó espazo para illamento por COVID-19, situado na planta superior do centro, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O traballador (ou alumnado adulto) que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de COVID-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada brote.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- ✓ A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.

- ✓ Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o brote ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en **corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teñan dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. No mes de setembro todos os titores terán que ter trasladada esta información ó equipo COVID.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Horarios especiais tanto para o profesorado coma para o alumnado.
- b) Seguímentos quincenais do plan de traballo.
- c) Facilitarase un teléfono móbil do centro para que todo o alumnado poida contactar cando o precise, ademais desviaranse as principais liñas fixas do centro para poder recibir as chamadas entrantes no centro educativo.

REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe dos alumnos incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1: Períodos de corentena

Duración: No caso de detectar algún caso relacionado co centro as autoridades sanitarias declararan a corentena da cantidade de persoas que consideren necesario (que non ten que corresponder cun nivel completo).

Dado que consideramos que temos pouco alumnado e que temos os espazos ben adecuados, consideramos que para esta fase só debemos cumprir os seguintes obxectivos:

- Limpeza e desinfección profunda dos espazos que foron pechados.
- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.

- O profesorado que ten asignados eses grupos teletraballará co alumnado tratando de minimizar as consecuencias. Tratarase de que ningún alumno perda o ritmo de traballo, todos teñan maneira sinxela de comunicarse entre si e poidan aprender e resolver dúbidas.

- Nos casos de ter alumnado confinado ou illado e ó mesmo tempo alumnado en aula, impartirase a clase de modo normal para os asistentes e cada docente deberá atender ó alumnado que non está na aula do modo indicado na súa programación didáctica.

- No caso de que todo o alumnado ou todo o profesorado que imparte clase en ESO sexa confinado ou illado traballarase con horarios adaptados á situación no que cada profesor poderá facer chamadas telefónicas individuais, enviar correos ó alumnado ou o que considere necesario.

Fase 2: Asistencia en pequenos grupos.

Duración: 8 días lectivos

Dado que contamos con grupos pequenos consideramos que a porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do 50 %.

Os grupos de 1º e 2º de ESO están divididos en dous grupos de desdobre para materias que necesitan maior atención por parte do profesorado. Cada día asistirá á clase de forma alterna un deses dous grupos, tal coma se estableza e se publique no seu momento.

Os grupos de 3º e 4º de ESO, SMER e CSPPMMP serán divididos en dous grupos solo co propósito de seren usados neste caso.

Obxectivos:

- Formar aos alumnos na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.

- Reforzar e recordar as medidas de distanciamento nas entradas, saídas, tempos de recreo e cambios de aula.

- Reforzar e recordar as medidas de circulación establecidas.

- Retomar o contacto directo profesorado-alumnado, aclarar os puntos que se perciban máis necesarios.

- O alumnado que asiste ó centro é formado ó 50 % nas medidas de protección e nas respectivas materias no horario habitual. Todo o alumnado (o que permanece no domicilio e o que asiste ó centro) debe facer as tarefas que ten encomendadas, e facer as entregas pendentes.

- Case todo o profesorado nesta fase terá a xornada completa na aula con pouco alumnado, polo que atender as dúbidas telemáticas pode supoñer un problema. Pódese pensar, si se considera necesario, en organizar algunha videochamada durante as clases para aclarar dúbidas de xeito grupal co alumnado que permanece no domicilio.

- Se o alumnado non cumpre as medidas establecidas esta fase prolongarase todo o tempo que se considere necesario.

Fase 3: Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos.

Duración: 8 días lectivos

Dado que contamos con grupos pequenos consideramos que a porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do 75 % nos grupos con máis de 15 alumnos/as e do 100 % nos grupos con 15 alumnos/as ou menos.

Os grupos con máis de 15 alumnos están divididos en dous grupos. Cada un deses grupos dividirase á súa vez en dous. En cada nivel teremos agora os grupos A1, A2, B1 e B2. Cada día asistirán á clase tres destes grupos, de forma alterna, tal coma se estableza e se publique no seu momento.

Obxectivos:

- Continuar o traballado na fase 2 con unha maior cantidade de alumnado.

Fase 4: Reactivación.

Duración: Resto do curso (ou ata o seguinte período de corentena).

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos:

- Reforzo e fomento dos hábitos aprendidos.

Rematado e revisado en Xove a día 20 de outubro de 2020

Sara Jul Rivas